



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE OUTUBRO DO 2021.

Sesión 12/2021-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u></p> <p>D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) (con excusa)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de outubro do 2021, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada, que ten lugar no Salón dos Plenos.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 11/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 11/2021, do 30.09.2021.



Non habendo intervencións apróbase por unanimidade a acta da sesión núm. 11/2021, do 30.09.2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2021, do 21 de outubro, que recolle:

<<1.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

2.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos>>.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de facenda, administración local, administración electrónica, contratación e seguridade cidadá; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Tellado Villares (PP) e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

2.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

3º.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE REHABILITACIÓN CUBERTA DA PISCINA MUNICIPAL DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2021, do 21 de outubro, que recolle:

<<1.- Aprobar o proxecto técnico de Rehabilitación da Cuberta da piscina municipal redactado polo Dr. Arquitecto D. José Antonio Vázquez Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 541.231,72 € (Base imponible 447.298,94 €, IVE 93.932,78 €).

2.- Autorizar a alcaldía a aprobación de correccións de erros do proxecto, de ser o caso, unha vez evacuado o informe de supervisión ou no transcurso do expediente de contratación, sempre que non comporten cambios substanciais do mesmo>>.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa, concelleira delegada de educación e deporte; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García Coteló (PP), quen anuncia que o seu grupo hase abster; outra vez a sra. Nogareda, a sra. Pardo, sra. Nogareda e o sr. García; o presidente, sr. Portela Fernández (SM).



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o proxecto técnico de Rehabilitación da Cuberta da piscina municipal redactado polo Dr. Arquitecto D. José Antonio Vázquez Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 541.231,72 € (Base imponible 447.298,94 €, IVE 93.932,78 €).

2.- Autorizar a alcaldía a aprobación de correccións de erros do proxecto, de ser o caso, unha vez evacuado o informe de supervisión ou no transcurso do expediente de contratación, sempre que non comporten cambios substanciais do mesmo.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2021, do 21 de outubro, que recolle:

<<1.- *Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:*

- *Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral. A delegación afectará tanto o suposto xeral baseado no 1,5 % dos ingresos brutos obtidos no termo municipal como ao suposto especial da telefonía móbil.*

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo>>.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de facenda, administración local, administración electrónica, contratación e seguridade cidadá; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. García Freire (PP) e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral. A delegación afectará tanto o suposto xeral baseado no 1,5 % dos ingresos brutos obtidos no termo municipal como ao suposto especial da



telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5º.- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2021, do 21 de outubro, que recolle:

<<1.- Aprobación o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de licitación total de 2.729.622,71 € (base: 2.624.637,22 €, IVE 104.985,49 euros) e un valor estimado de 6.299.129,33 €, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Aprobación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.-

3.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas 2310.22743 e 2310.22743 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.-

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de propostas durante o prazo establecido no prego.-

5.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidenta: Isabel Reimúndez Suárez, Concelleira de Benestar Social e Igualdade

Vogais:

Mª del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación (ou quen se nomee como accidental)

Jaime Presas Beneyto, Interventor (ou quen se nomee como accidental)

Asunción Pita Meilán ou Ana Cobas García, Traballadoras Sociais

Secretario/a: Un funcionario/a adscrito/a á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez.

6.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde:

a) A posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se poidan por de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

b) O nomeamento das persoas que integrarán a comisión técnica que valore os criterios baseados en xuízos de valor>>.

Advírtese pola secretaria que houbo unha corrección de erros nos pregos despois da celebración da Comisión Informativa e que se someten á votación coas correccións.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena, concelleira delegada de promoción económica, turismo e emprego (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen anuncia a abstención do seu grupo; da sra. Salorio Porral (PP), que tamén avanza que o seu grupo hase abster; novamente a sra. Rodríguez, a sra. Pardo e a sra. Salorio; o presidente, sr. Portela Fernández (SM) e outra vez a sra. Nogareda, a sra. Pardo, a sra. Salorio e o presidente.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (5 PP, 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO**:



1.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de licitación total de 2.729.622,71 € (base: 2.624.637,22 €, IVE 104.985,49 euros) e un valor estimado de 6.299.129,33 €, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.-

3.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas 2310.22743 e 2310.22743 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.-

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de propostas durante o prazo establecido no prego.-

5.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidenta: Isabel Reimúndez Suárez, Concelleira de Benestar Social e Igualdade

Vogais:

M^a del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación (ou quen se nomee como accidental)

Jaime Presas Beneyto, Interventor (ou quen se nomee como accidental)

Asunción Pita Meilán ou Ana Cobas García, Traballadoras Sociais

Secretario/a: Un funcionario/a adscrito/a á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez.

6.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde:

a) A posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se poidan por de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

b) O nomeamento das persoas que integrarán a comisión técnica que valore os criterios baseados en xuízos de valor.

6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 27 de setembro (núm. 2046) ata o 22 de outubro do 2021 (núm. 2269).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de setembro (núm. 2046, do expediente 2021/G003/002148) ata o 22 de outubro do 2021 (núm. 2269, do expediente 2021/G003/002378), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

Non se presentaron.

C.- Rogos e preguntas.



A sra. Nogareda Marzoa (AV) roga que se actúe de inmediato para que non se produzan situacións de presión entre os propios empregados municipais no desenvolvemento do seu labor, aludindo de maneira xenérica a un caso que di que se ten producido sen que se tivese actuado, aclarando que o seu grupo non apoia ese tipo de episodios.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) deseguido pregunta á sra. Nogareda se o que está a dicir é que se está pretendendo dirixir os informes dos técnicos sen que se tomen medidas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se aboen de inmediato as horas extraordinarias á Policía Local recoñecidas por sentenza antes de que supoñan máis gastos para a veciñanza e que se deixen de seguir a desobedecer as resolucións xudiciais.

2º) Roga que se debata en cumprimento do ROM con relación á contaminación aérea que producen os cableados non retirados dos distintos alumados decorativos que se contratan, sobre o que xa rogara na sesión ordinaria anterior e que di que nin se debateu nin se deu ningunha explicación.

3º) Roga que se traia á seguinte sesión plenaria a modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) para poder aprobar a oferta de emprego para a estabilización do emprego, segundo o tratado na sesión ordinaria anterior, incorporando as prazas de funcionarios que correspondan, máis separadamente doutras posibles modificacións da RPT que se puidesen pretender.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta á sra. Nogareda (AV), xa que non asiste a sra. Reimúndez (BNG), se han facer algo ao respecto, pedir que se depuren as responsabilidades a quen corresponda, con relación ao contido dun informe da secretaría municipal (do 23 de setembro) que leu polo miúdo na sesión anterior e sobre o que preguntara xa na dita sesión ás sras. Nogareda (AV) e Reimúndez Suárez (BNG).

2ª) Pregunta se xa se sabe de onde procede unha nova vertedura de residuos no peirao de Sada recollida no diario La Voz de Galicia do 07 de setembro e se se están a tomar medidas para que non volva acontecer o que entende que vén a ser un tema algo recorrente.

3ª) Pregunta que pasos concretos se teñen dado no último mes para a equiparación do acollemento no eido local, con relación a unha moción de urxencia presentada polo grupo municipal do BNG na sesión ordinaria anterior.

4ª) Pregunta se están xa a cobrar polas concesións administrativas que están en precario das que xa se falou en sesións anteriores.

5ª) Pregunta con relación á execución da obra de construción de beirarrúas na AC-163 pola altura dos muros de contención, algún de tres metros de altura, e a súa compatibilidade coas previsións do PXOM, que di que só permite alturas de 1,5 metros; pregunta pola licenza para a execución destes muros e pola diferenza entres eles e os que puidera querer facer calquera veciño.

6ª) Pregunta (logo de aclarar que xa teñen solicitado o acceso ás follas de servizo da Policía Local) ás sras. Nogareda (AV) e Rodríguez (BNG) se son coñecedoras con relación a unha persecución policial a un vehículo realizada a fin de semana do 15 ao 17 de setembro na estrada de Meirás a Sada cando presuntamente o vehículo policial ía só ocupado por dous auxiliares da Policía Local, o que considera unha vulneración do preceptuado na Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de policía locais.

O sr. Tellado Villares (PP) roga que se deixe aos funcionarios que realicen as súas funcións sen presións políticas interesadas, xa que iso non é bo para os intereses xerais dos veciños, facendo alusión á baixa por estrés do arquitecto municipal e á denuncia presentada no xulgado contra unha concelleira por querer impoñer o seu criterio a un funcionario.



O sr. García Cotelo (PP) pregunta se o alcalde pode explicar que teñen que facer, con quen teñen que falar os veciños para poder ter bufardas en iguais condicións como ocorre nunhas vivendas do lugar de Pazos polas que preguntara hai algún tempo nunha sesión plenaria que di que as teñen, o que explica que é ilegal no núcleo rural segundo a Lei do solo de Galicia e que xa estaban prohibidas tamén na ordenación municipal, pero que a pesares diso esas vivendas xa contan con licenza de primeira ocupación.

A sra. García Freire (PP) pregunta cando se ten pensado ingresar ás entidades sociais o importe que lles corresponde do ano pasado segundo o convenio de colaboración que teñen, que está orzamentado, xa que os que necesitan axudas non poden esperar malia que con este goberno todo son atrasos.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se lles dea unha resposta á maior brevidade á solicitude efectuada vai haber dous meses polos veciños do lugar do Perouteiro, en Meirás, relativa ao cobro no recibo da auga por un servizo de saneamento do que carecen.

A sra. Salorio Porral (PP) pregunta pola seguridade dos parques infantís das Brañas e do Paseo Marítimo logo do gasto que se ten efectuado neles cando houbo unha nena que perdeu unha falanxe dun dedo e unha muller veciña de Sada que rompeu a tibia e o peroné dunha perna na ponte do Pilar no parque infantil das Brañas por unha caída.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se pida á compañía, ao Consorcio ou a quen corresponda que se poñan os contedores do lixo no lugar habilitado para eles, logo de amosar unha foto cun contedor obstruído manifestamente o paso dos peóns.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 25 minutos do día xoves 28 de outubro do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.
